

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUI	Química	CSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidad	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0074	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP0074_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62
MP0074_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	3	45	45

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ELENA OTERO EIMIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou alumna se poida inserir profesionalmente e desenvolver a súa carreira en tódalas actividades relacionadas co control de calidad. A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- i) Analizar e describir os procedementos de calidade e de prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións para realizar nos casos definidos, para actuar consonte as normas estandarizadas.
- k) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e as demandas do mercado laboral para xestionar a propia carreira profesional.
- m) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo da sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.

Do mesmo xeito tamén contribúe ao logro das competencias do título:

- j) Cumprir os obxectivos da producción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- k) Exercer os dereitos e cumplir as obrigas que se derivan das relacóns laborais, consonte o establecido na lexislación.
- n) Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector de mecanizado industrial.

Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:

Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.

Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.

Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).

Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.

Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.

Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.

Estudo das condicións de traballo nos laboratorios de análise e control de calidade a través do manexo da normativa laboral, dos contratos más comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector.

Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.

Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A relación laboral e o contrato de trabalho	Identificar a relación laboral e que normas a regulan. Contido dun contrato de trabajo e tipos de contratos	14	16
2	Xornada e salario	Dereitos sobre a xornada de trabajo e salario. Nóminas	13	14
3	Seguridade Social	Estrutura do noso sistema da Seguridade Social e as principais prestacións : incapacidade temporal e desemprego	8	7
4	Modificación, suspensión e extinción do contrato de trabajo	Causas polas que o contrato de trabajo se pode modificar ou extinguir. Dereitos da persoas traballadora antes esas situacións	8	10
5	Participación dos traballadores	Representantes dos traballadores e negociación das condicións laborais nos convenios colectivos. Procedementos para resolver os conflictos colectivo	5	5
6	Orientación laboral	Planificación dun itinerario formativo- profesional e análise do proceso e técnicas de busca de emprego . Como participar de forma activa e responsable nun equipo de trabalho. Técnicas de comunicación e de resolución de conflictos.	14	16
7	Traballo e saúde. Factores de risco laboral	Conceptos básicos de prevención de risco laborais. Factores de risco e dano laborais	13	10
8	Organización da prevención na empresa.	Dereitos e obrigas dos traballadores. A acción preventiva na empresa, e as modalidades de organización da prevención. Planificación e documentación da prevención na empresa	20	15
9	Medidas de prevención e protección. actuación en caso de emergencia	Técnicas de prevención e protección. Primeiros auxilios e protocolos de actuación en situacións de emerxencia.	12	7

4. Por cada unidad didáctica

4.1.a) Identificación da unidad didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A relación laboral e o contrato de trabajo	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de trabalho.	NO

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícaronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícaronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

4.1.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Xornada e salario	13

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.5.1 Valoráronse os dereitos e obrigas en relación ao tempo de traballo que se recollen na normativa laboral
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícaronse os principais elementos que o integran.
CA2.8.1 Elaborouse unha nómina sinxela, calculando a retribución total, as bases de cotización, os descontos de seguridade social e IRPF a cargo do traballador e o líquido a percibir.
CA2.12 Identifícaronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.2.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
o recibo de salarios

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Seguridade Social	8

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como piar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
CA3.3 Identifícaronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.3.e) Contidos

Contidos
A Seguridade Social como piar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	8

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconóceos en diferentes situacíons de trabalho.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.13 Calcula correctamente a liquidación ou finiquito nun suposto de extinción do contrato de trabajo

4.4.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de trabajo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Participación dos traballadores	5

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconóceos en diferentes situacíons de trabalho.	NO

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.
CA2.6.1 Identifícone o ámbito de aplicación e o contido do convenio colectivo aplicable
CA2.10 Identifícaranse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.5.e) Contidos

Contidos
0Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Orientación laboral	14

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacíóns de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identifícaronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.6.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de trabajo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do trabalho de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de laboratorio e control de calidad segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de trabajo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de trabajo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidad.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidad.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidad.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividad.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Traballo e saúde. Factores de risco laboral	13

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco más habituais do sector de laboratorio e control de calidade.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícaronse e describiríronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenças profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.

4.7.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Organización da prevención na empresa.	20

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacíons de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco más habituais do sector de laboratorio e control de calidade.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o derecho á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de laboratorio e control de calidade.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumplir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.4 Identifícáronse as situacíons de risco más habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emergencia.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliação

CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.

4.8.e) Contidos

Contidos

Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

Riscos específicos no sector de laboratorio e control de calidade en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de laboratorio e control de calidade.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Planificación da prevención na empresa.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Medidas de prevención e protección. actuación en caso de emergencia	12

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Comprendérónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizárónse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identifícárónse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identifícárónse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.9.e) Contidos

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Contidos

Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales en cada UD, en concreto:

Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego

Identifícaronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.

Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

Identifícaronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.

Recoñecéronse as principais modalidades de contratación, coas características diferenciadoras de cada modalidade.

Identifícaronse os dereitos e obrigas básicas do traballador.

Identifícaronse as circunstancias nas que se pode reducir a xornada ordinaria de traballo para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable

Identifícaronse os principais elementos do recibo de salarios.

Calculouse unha nómina sinxela, calculando a retribución total, as bases de cotización, os descuentos de seguridade social e IRPF a cargo do traballador e o líquido a percibir.

Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral, calculando correctamente a liquidación e a indemnización por despedimento en supostos sinxelos.

Identifícaronse os órganos de representación dos traballadores na empresa.

Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

Identifícase o ámbito de aplicación e o contido mínimo do convenio colectivo aplicable

Determináronse as bases e cotas de cotización da persoa traballadora e da empresa en supostos sinxelos.

Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo dunha prestación sinxela de incapacidade temporal común e profesional.

Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.

Identifícaronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación do ciclo.

Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Empregáronse adecuadamente as técnicas e instrumentos de búsqueda de emprego.

Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.

Empregáronse as técnicas de comunicación nos equipos de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.

Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos no equipo de traballo.

Prevención de Riscos laborais

Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.

Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

Clasificáronse e describiríronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.

Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo

Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.

Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector.

Identificáronse as situacións de risco más habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación do ciclo.

Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo simulado.

Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo.

Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuir os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

Coñeceuse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emergencia.

Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emergencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.

Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos.

Criterios de cualificación

As cualificacións obtidas polo alumno/a expresaranse en cifras de 1 a 10, sen decimais. Para superar o módulo debes acadar unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unidade.

Para a cualificación de cada unidade terase en conta o seguinte baremo:

- Proba escritas de exame (60%)

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Consistirán en exames escritos de carácter teórico-práctico.

Na realización das probas escritas queda prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior. Sen prexuízo das medidas disciplinarias axeitadas, aqueles alumnos/as que incorresen en calquera tipo de fraude nas probas escritas, serán calificados cun 0 nesa proba

- Tarefas e traballos individuais e grupais (40%).

Neste apartado incluirase a realización de tarefas individuais ou grupais realizadas na aula ou entregadas a través da aula virtual

Para cualificar cada tarefa se valorará:

- consecución dos obxectivos propostos para a tarefa aplicando os criterios de avaliación previstos na programación.
- Análise e interpretación da información.
- Presentación, prazos de entrega, claridade e dominio dos contidos.

Non serán cualificadas aquelas actividades e traballos presentados fora do prazo (salvo casos excepcionais apreciados pola profesora) e por vía distinta á indicada para cada tarefa. No caso en que se permita a entrega fora de prazo aplicarase unha penalización do 50% sobre a cualificación asignada á tarefa

As tarefas e actividades presentadas deberán ser orixinais. Se se detectasen tarefas plaxiadas anularanse e perderase a súa puntuación correspondente a elas. No caso de que dúas ou más persoas presentasen a mesma tarefa a sanción aplicarase a todas elas.

A cualificación final será o resultado de aplicar a media ponderada de todas as unidades tendo en conta o peso de cada UD didáctica previsto na programación.

Todo o alumnado debe estar matriculado na espazo do módulo na aula virtual do CIFP Manuel Antonio na primeira semana do curso. A vía oficial de comunicación é a aula virtual, sendo responsabilidade do alumnado consultala coa frecuencia necesaria.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas****6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Cando un alumno/a non aprobe un RA (ou máis) deberá recuperalos. As razóns da non superación dos RA poden ser:

- Non ter superado un (o máis) criterios de avaliación mínimos nunha unidade didáctica.
- Non ter superado a unidade ao non obter unha cualificación de 5 puntos.

En ámbolos casos, establecerase un plan específico para a súa recuperación. Este plan virá determinado polo/s criterio/s de avaliación suspensos e porá consistir:

- Se é un mínimo exixible, na realización dunha proba escrita (teórica ou práctica)
 - Se é un mínimo non exixible, poderá consistir na entrega de novas actividades con distintas tarefas de reforzo...Estas novas actividades de recuperación, poderán ser avaliadas independentemente do instrumento establecido con anterioridade, é dicir, un criterio avaliado primeiramente cunha táboa de observación, poderá ser avaliado para a súa recuperación a través dunha proba escrita.
- Para ter por recuperado o RA ou os RA suspensos, o alumnado terá que obter unha puntuación igual ou superior a 5 nos mínimos exixibles non superados ou na/s unidade/s didáctica/s suspensas.
- Durante o periodo de recuperación de xuño asignaránsele actividades de recuperación e repasaránse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A orde de 12 de xullo de 2011, establece no seu artigo 25.5 o dereito, por parte do alumnado que perdesse a avaliación continua, a realizar unha proba extraordinaria previa á avaliación final dos módulos correspondentes.

A maiores, a resolución do 27 de xullo de 2015, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, establece no seu artigo 3, que o número de faltas que implica a perda da avaliación continua nun determinado módulo, será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos da determinación da perda do dereito a avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación de faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro (tamén denominadas como normas de organización e funcionamento (NOF))

A avaliación extraordinaria, consistirá na realización dunha proba escrita , onde se avaliarán os contidos traballados durante o curso, independentemente de que teñan un desenvolvemento teórico ou práctico.

Poderá comprender preguntas tipo test , verdadeiro ou falso, de resposta curta, de resposta longa ou supostos prácticos

Para aprobar o módulo, o alumnado deberá superar a proba que estará baseada nos mínimos exixibles establecidos na programación. A proba cualificarse de 1 ao 10, debendo acadar unha puntuación mínima de 5.

Para realizar a proba, o alumnado deberá levar un bolígrafo azul ou negro e unha calculadora non programable (para a parte práctica).

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS****7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Para realizar o seguimento da programación seguirase o establecido nos protocolos de calidade do centro.

A profesora fará un seguimento constante das actividades. De acordo con estes datos, e as decisións tomadas nas reunións de seguimento da Programación que realizará mensualmente o equipo docente, se tomarán as medidas correctoras pertinentes.

Ao final de curso a profesora realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido na que se incluirán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Terase en conta para avaliación da práctica docente tanto a autoavaliaición da propia docente recollida nun cuestionario o final de cada trimestre como a valoración feita polo alumnado, que se recollerá a través da enquisa de satisfacción de labor docente, seguindo o protocolo de calidade.

8. Medidas de atención á diversidade**8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso farase un seguimento dos alumnos, tomando as anotacións correspondentes sobre o seu nivel académico previo, o seu dominio das TICs e as motivacións para estudar este Ciclo formativo. Posteriormente na primeira reunión do equipo docente farase unha posta en común, na acta da citada reunión constará dita avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ao longo do curso iranse adoptando as medidas de reforzo que se consideren necesarias para os alumnos ou alumnas que o precisen.

- Adquisición dos mínimos esixibles.

Para os alumnos que o precisen, repetición individualizada dalgunhas explicacións, elaboración de materiais específicos que faciliten a comprensión e consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Cando a profesora considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para os alumnos que presenten dificultades -Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

-Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, e formar equipos de traballo que integren a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A lexislación educativa vixente contempla, na súa relación de principios, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, con cada unha das conmemoracións establecidas no calendario escolar, o profesor, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos, prestando especial atención á celebración da Constitución, ao 1º de Maio, día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algunxs destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

- Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos;...) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
- Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sana e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc;
- Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades complementarias e extraescolares que se organicen polo departamento de F.O.L. para todos os módulos que componen a súa especialidade recolleranse no Plan de Actividades complementarias e extraescolares que elabore este mesmo departamento para cada curso.

- Charla sobre a búsqueda de emprego nas redes sociais, organizado en colaboración co departamento de orientación e impartido polo orientador laboral do Concello
- Obradoiro sobre técnicas de primeiros auxilios: actividad complementaria aos temas de saúde laboral. Ten por obxecto que un profesional de enfermería/ membro de Protección Civil ou similar dea unha charla teórica/práctica sobre as distintas técnicas de primeiros auxilios. - Simulacro de evacuación do instituto.
- Charla sobre o mercado laboral. Poderase contar con membros de sindicatos, da Cámara de Comercio ou de asociacións empresariais.
- Cine fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe.

Actividades extraescolares:

- Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir a algún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas unidades, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral, accidente de traballo,...
- Feiras de Emprego e Orientación Laboral, que se organicen na comunidade galega sempre e cando contemos con orzamento para organizar os desprazamentos

10. Outros apartados**10.1) secuencia das UD**

A secuenciación das UD será a seguinte

1. A relación laboral e o contrato de traballo
2. O tempo de traballo e o salario
3. Seguridade Social
4. A representación dos traballadores e a negociación colectiva
5. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo
6. Prevención de riscos laborais
7. Avaliación de riscos
8. Xestión da Prevención
9. Medidas de prevención e protección
10. Equipos de traballo

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

- 11. Procura de emprego
- 8. Orientación profesional. Procura de emprego